

Ambiente e cumprimento dos acordos internacionais: o caso galego

Adela Figueroa Panisse

Para sistematizar a análise da cuestión formulada poderíamos establecer tres grupos: Os que atinxen ao aire, as augas e a terra.

O Aire: Acordo de Kyoto ou de Redución das Emisións de Gases de Efecto Invernadoiro (GEI)

Na Galiza, o estado da calidade do aire non é má, salvo en zonas moi concretas como podería ser a de Pontevedra pola fábrica da celulosa, ou a de A Coruña pola refinería de petróleo. O que si é grave na Galiza é o nivel de emisións de GEI tomado este valor no global do País. A pegada ecolóxica da Galiza estaba avaliada en 11ha, cando a media no Estado español tiña un valor aproximado de 5ha (pegada ecolóxica é o territorio medido en hectáreas de terra fértil necesario para manternos e absorber os nosos refugallos). As emisións de gases na Galiza supera a de calquera país europeo, á de España ou da media europea. Isto é debido ás emisións da térmica de As Pontes de García Rodríguez, tomado este valor en datas de 2005. Polo que podemos considerar que, en relación ao Acordo de Quioto, o nivel de emisións é moi alto, sobre todo relativamente ao nivel de industrialización que ten o país. Na actualidade, este valor foi reducido en boa medida pola introdución do ciclo combinado na térmica, que alterna combustión de carbón con gas natural, o que reduce en grande medida as emisións de CO₂ á atmosfera.

Outro problema é o orixinado polo tipo de urbanismo que se está a desenvolver no territorio. Este urbanismo non contempla, para a súa planificación, o impacto ambiental das emisións de GEI debidas ás emisións difusas provocadas polo transporte. Este é maioritariamente privado e individual. Calcúlase que na Galiza representa o 35% das emisións. Á grande dispersión xeográfica da poboación tradicional, únese agora a proliferación de urbanizacións que, como satélites dos núcleos vilagos, florecen onde queira que vexamos, ao abrigo da especulación urbanística (recualificacións ao amparo de información privilexiada, etc). E todo iso nun país cuxa demografía está en declive e que presenta unha media habitacional de 2 vivendas/habitante. O transporte xeral é preferentemente por estrada, o que incrementa a taxa de emisións difusas. O tren está reducido ao mínimo non habendo liñas electrificadas que poderían reducir o volume de emisións. Non existe unha política xeral de incrementar os sumidoiros de CO₂ para compensar as nosas emisións. Trabara a deforestación masiva que estamos a sufrir, ou compensar a forestación con especies

pirófitas que cada ano provocan desastres ecolóxicos cos incendios forestais sería unha boa práctica. Accións neste sentido están a ser incentivadas pola Consellería de Medio Rural, pola Dirección Xeral do Voluntariado e por asociacións ecoloxistas como ADEGA.

As augas: a) continentais b) mariñas

Relativo ao réxime hídrico global teremos en conta a Directiva Marco da Auga, á que o goberno actual declara que tenta dar cumprimento. Mediante esta Directiva marco, a Unión Europea organiza a xestión das augas superficiais, continentais, de transición, augas da ribeira e subterráneas, co fin de prever e reducir a súa contaminación, fomentar o seu uso sostible, protexer o medio acuático, mellorar a situación dos ecosistemas acuáticos e compensar os efectos das inundacións e das secas.

A actual Consellería de Medio Ambiente ten actuacións que visan o cumprimento desta directiva. Malia iso, no Proxecto Ríos de ADEGA, no seu informe anual, indícase que a saúde destes, na Galiza é boa nun 85% dos casos, mais presenta síntomas de gravidade en numerosos casos. Por lei, todas as poboacións de máis de 2.000 habitantes deben ter depuradora das augas residuais, mais cidades como A Coruña non a ten ou Vigo non garante a salubridade das súas augas residuais. Moitas das augas continentais están a sufrir eutrofización, nomeadamente nos encoros (o de Castrelo de Miño é visible desde o satélite artificial) e as minas a ceo aberto como as louseiras do Courel ou do Barco de Valdeorras ocupan os leitos dos ríos cos seu entullos perante a impasividade da administración, malia as repetidas denuncias de diferentes asociacións ecoloxistas e cidadáns (SOS Courel, ADEGA, etc).

Os masivos procesos de concentración parcelaria, que non contemplan o valor das árbores nos terreos implicados está a producir unha masiva deforestación, nomeadamente de especies autóctonas, que forman as sebes arborizadas que retallan a nosa paisaxe e que fan de importante filtro verde, colaborando ademais a manter o balance hídrico. Isto deteriora as augas subterráneas e o lenzo freático en xeral. A masiva instalación de parques eólicos nos cumios dos nosos montes implica a apertura de pistas que cortan formacións de grande importancia como as turbeiras de cobertor tales como as existentes no Xistral que xogan un importante papel no equilibrio hídrico (retiñan os excedentes de augas no inverno soltando lentamente o seu caudal en épocas de seca). A drenaxe que se produciu pola descoidada actuación está a fomentar a súa desaparición.

Importante é o cumprimento doutros acordos como o Convenio Ramsar de preservación das zonas húmidas. A maioría destes están en franco deterioro. Galiza é particularmente rica neste tipo de formacións (brañas, gándaras, lagoas, xunqueiras, lameiros) que na actualidade están moi reducidas: Lagoa de

Antela, en tempos a máis extensa lagoa de Europa; Complexo Lagoar da Terra Chá, reducidas a menos de 1/3 polos aproveitamentos agrícolas; Lagoa da Lucenza no Courel, afectada pola mina da Campa; litorais como Baldaio, consumidos pola extracción de area, etc. Os fondos de ría ou xunqueiras son obxecto de aproveitamento urbanístico como a de Pontevedra, xa desecada, as de Vilagarcía ou Cee, cos consecuentes problemas de inundacións e de contaminación das rías pola falta da depuración que exercían estas formacións. Na actualidade existen accións dirixidas á súa conservación e restauración que tropezan con actuacións sobre o territorio de explotación de recursos (Gándaras de Budiño, Pontevedra). Estas formacións acollen, xeralmente, ZEPAS, Zonas de Especial Protección de Aves. En total, 14 zonas ZEPAS e irán aumentar. Nalgunhas destas, en cumprimento do convenio Ramsar, hai unha relativa boa xestión ambiental como na Lanzada (Pontevedra) ou na Ría de Ortigueira.

En relación a outros convenios como o OSPAR de conservación dos ecosistemas do Atlántico Norte, de obrigado cumprimento para España, Galiza acaba de implementar algunha actuación como foi ampliar as zonas de protección ribeiriñas (fondos da Ría de Ferrol, dos fondos asociados ao Parque das Illas Atlánticas recentemente ampliado). Isto está en profunda contradición con certas actuacións como a instalación da Planta Regasificadora no medio da Ría de Ferrol que pon en perigo a saúde da Ría e das persoas que nela habitan. O complexo Celulosa-Elnosa na Ría de Pontevedra é un baldón permanente para o ambiente.

A Terra: Rede Natura 2000 e parques naturais

A Rede Natura, en Galiza, é aínda escasa e está mal coidada. Nela coexisten parques eólicos, explotacións e estradas de todo tipo. Recentemente, detívose a implantación de piscifactorías nestes espazos anulando o anterior Plano Estratéxico de Tecnoloxía Alimentaria de 2005, que autorizaba iso, mais acaba de ser presentado un Plan de Acuicultura que pretende ocupar 3 millóns de m² de litoral que, aínda non estando na Rede Natura, bordéana e poñen en grave perigo a saúde ambiental das ribeiras.

A ampliación e instauración de parques naturais e zonas protexidas representa unha mellora no camiño do cumprimento dos grandes acordos internacionais en materia de ambiente, pero podemos concluír que en Galiza a situación non é boa nin cabe moito optimismo en relación ao futuro. As emisións difusas non fan máis que aumentar como consecuencia das grandes obras de infraestrutura e de outras máis pequenas como paseos marítimos e fluviais que cementan as ribeiras mariñas e fluviais. Un urbanismo especulativo que non cesa, a pesar das repetidas advertencias tanto ambientais como económicas, poñen en perigo o chamado desenvolvemento sustentable e a estruturación de Galiza. As chamadas enerxías renovables ocupan un importante papel na nosa produción e no mix

de consumo galego (40% no mix do consumo doméstico), mais non fan o papel de “alternativas”, porque non implican a redución das outras fontes, responsables da maioría das emisións de GEI que nos colocan á cabeza do Estado español neste tema.

En conclusión

Hai indicios de achegamento cara un mellor cumprimento dos acordos internacionais en materia de ambiente, pero non hai garantía de que este camiño se percorra correcta e diligentemente como sería desexable, dado o estado de abandono e retraso que existía en Galiza.

Adela Figueroa Panisse é presidenta de ADEGA.

Nota: Na páxina web de ADEGA (<http://www.adega.info/>), poden atoparse diferentes recensións informativas que ilustran o asunto tratado neste texto.